

Sr. Presidente da Xunta de Galicia
Sra. Consellería de Sanidade
Sra. Directora Xeral de Asistencia Sanitaria
Sra. Directora Xerente de Atención Primaria
Sra. Directora médica.

A situación de caos xerada polos bloqueos das axendas dos sanitarios de permiso ou baixa nos Centros de saúde está deteriorando gravemente a atención sanitaria que reciben os nosos cidadáns e o traballo que realizamos os profesionais sanitarios, xa moi sobrecargado case a diario polas intersubstitucións de outros profesionais de permiso.

Cos bloqueos das axendas dos profesionais de permiso deixase a un número elevado de pacientes sen sanitario de referencia durante días, polo tanto sen asistencia ordinaria ós seus problemas de saúde. Só son atendidas as urxencias, ben en domicilio ou en consulta, dun xeito caótico e improvisado xa que non existe servizo de urxencias en horario de mañás. Esta situación atenta contra o dereito constitucional dos cidadáns á asistencia sanitaria.

Non entendemos que se poida incumprir a palabra dada pola Conselleira de Sanidade e a Directora de asistencia sanitaria, ratificada polo Presidente da Xunta Sr Feijoo, de que o importe aforrado pola racionalización do gasto sería integramente empregado en mellorar a atención primaria. Gabáronse dos 88 millóns de € aforrados no 2011 en racionalización do gasto farmacéutico e premiárono con acabar co plan de mellora da atención primaria e coa sobrecarga e o caos no traballo do persoal dos centros de saúde.

Non é negociable o bloqueo das listas de traballo do persoal sanitario. Estamos dispostos a negociar calquera mellora organizativa que resulte nunha asistencia sanitaria máis eficiente pero non toleraremos que se deteriore o noso traballo e se conculquen os dereitos dos cidadáns a ser ben atendidos.

Se persisten neste maltrato á atención primaria verémonos obrigados a enfrontarnos coa actual administración sanitaria con medidas de presión progresivamente máis firmes.

Centro de saúde de _____, de decembro de 2011.